

Zotero 5.0 é un xestor de referencias bibliográficas gratuito e software libre para Windows, Mac e Linux que permite:

- Crear unha base de referencias e achegar arquivos (**300 Mb** de espazo)
- Xerar bibliografías e inserir citas nun Word ou Open Office.
- Compartir cartafoles con outros usuarios (Grupos).
- Sindicación de contidos de RSS Feed.
- Xerar informes.


ACCESO E INSTALACIÓN

<https://www.zotero.org/>


Zotero ten dous ámbitos de traballo: o web, ao crear a conta, e outro instalando unha aplicación de escritorio que descargamos en *Download*. Ambas versións sincronízanse. A versión de escritorio é máis completa para traballar coas referencias.

- Tamén hai que instalar o **conector** para o navegador. E podemos descargar o **plugin de citación** para Word ou LibreOffice.

Zotero web:



Zotero de escritorio:



A **versión de escritorio** organízase en tres zonas:

- A columna da esquerda cos cartafoles, grupos e Fontes RSS.
- A zona central cos rexistros do cartafol seleccionado.
- A columna da dereita, onde se visualizan todos os datos da referencia seleccionada.

Ademais hai un menú superior e unha barra de ferramentas para as distintas funcionalidades.


Ambas versións de Zotero **sincronízanse** picando en  na barra de ferramentas.

- Incorporar referencias:

Co conector para o navegador


Instala un botón no navegador (Chrome, Firefox ou Safari) que captura os rexistros que detecta en pantalla. É compatible con gran cantidade de sitios web.

Hai que ter aberto Zotero. Prememos o botón do navegador, que terá unha icona distinta segundo o tipo de documento detectado. Se é un cartafol (conxunto de documentos) ábrese unha xanela coas referencias. Marcamos as que nos interesan, picamos en *OK* e preguntámonos en que cartafol queremos incorporalas.




Arrastrando un pdf

Se arrastramos un pdf sobre a área central, se ten os metadatos creará a referencia.




Buscar rexistros por ISBN, DOI, e outros identificadores:

Empregando o botón  e engádenolo.



Entrada Manual de Rexistros:

Desde o botón  seleccionamos o tipo de documento e enchemos os campos.




Importando ficheiros:

Cando non funcionan as outras opcións, hai que gardar un arquivo de texto no computador (por

exemplo en formato **RIS** que ofrecen moitas bases de datos) e importalo a Zotero desde o menú *Archivo -> Importar*.

Desde el lector de RSS:

Desde o botón  → *Nueva fuente* → *Desde URL*. Pegamos a Url obtida na base de datos ou web e poñémoslle un título. Cando se van actualizando e incorporando referencias poderemos *Agregar a mi biblioteca* as que nos interesen.



- Editar e traballar coa información:

-Creamos **cartafoles** no botón  e co botón dereito do rato podemos darlle outro nome, crear outro cartafol dependente ou eliminalo. Para meter referencias arrastrámolas.

-Co botón dereito do rato sobre unha referencia podemos borrarla, sacala do cartafol, engadirle unha nota, un adxunto, duplicala, exportala, buscala en liña, etc.

-Na **columna lateral dereita** móstrase o rexistro completo da referencia seleccionada. Podemos modificalo e engadir notas.

-Detectamos **duplicados** na columna da esquerda en *Ítems duplicados*.


-Facemos **buscas** desde a caixa da barra de ferramentas  *Todos los campos y etiqueta* ou busca avanzada onde temos a opción de gardalas.

-Buscamos o documento en liña con .

-Creamos **Grupos** desde  → *Nuevo grupo*. Enviáche á pestana *Grupos* da versión web.

- Crear listaxes bibliográficas:

Poñémonos sobre o cartafol, co botón dereito do rato escollemos no menú  *Crear Bibliografía desde la Colección...* e eliximos estilo e idioma:




Desde *Gestionar estilos* podemos buscar outros estilos e marcar que se nos inclúan as **Urls** nas referencias.

➤ Tamén podemos seleccionar e arrastrar as referencias a Word.


- Inserir citas e crear bibliografías co plugin para Word ou Libre Office:

Créanos unha pestana de Zotero en Word para inserir as citas e crear a bibliografía:



zotero

Guía de uso
Agosto 2021



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Biblioteca da Escola Universitaria de
Arquitectura Técnica